



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN GALICIA OBRA
SOCIAL PARA A REALIZACIÓN DA XV PREMIO DE POESÍA AFUNDACIÓN**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Galicia Obra
Social o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que
abranque dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización da XV Edición do Premio de Poesía Afundación

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á
consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o
ano 2017, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en
criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos neste plan,





nos que non é posible promover a concorrência, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 25 de abril de 2017

